

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CELEBRADA O DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2025.-

ASISTENTES:

ALCALDE: D. Francisco Quintela Requeijo

CONCELLEIROS/A: D. Juan Carlos García Barreiro, D^a. María Yolanda Valiño Pena, D. Francisco Manuel Crespo Gómez, D^a. Mónica Álvarez Martínez, D. Jorge Boado Presas, D^a Pura Ferreño Saia, D. Pablo Bugía López e D. José Manuel Vara García.

SECRETARIO: D. David Veiga Sierra.

Na Casa do Concello de Coirós, ás vinte horas e cincuenta minutos do día once de setembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación Municipal, presidida polo Sr. Alcalde e coa asistencia das persoas que máis arriba se relacionan.

Comprobada a existencia de quorum dase inicio á sesión plenaria coa seguinte Orde do día

1.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.-

Polo Sr. Alcalde dase conta do borrador da acta da Sesión ordinaria celebrada o 13 de marzo de 2025, e pregunta se algún membro da Corporación quere facer algunha observación, non realizándose ningunha.

Sometida a acta a votación resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2.- APROBACIÓN 2ª FASE POS+ ADICIONAL 2/2025

O Concelleiro Sr. Boado expón o proxecto que se pretende solicitar para ser incluído no Plan, e proponse ao Pleno os seguintes acordos:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos sostibles SI incluídos no Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Ache	IVE	Total	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Ache	IVE	Total	
		ga	soportado		
		munic	deducible		
		ipal	(só		
			cando		
			sexa		
			deducible		
			e nos		
			abastece		
			m. auga		
			potable)		
MELLORA DE VIAIS	33.615,95	444,22 €		444,22 €	34.060,17 €
RURALS EN COLANTRES E	€				
OUTROS					
TOTAL	33.615,95	444,22 €		444,22 €	34.060,17 €
	€				

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

		Concello			
POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Deputación	Concello	IVE soportado deducible	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	33.615,95 €	444,22 €		444,22 €	34.060,17 €
TOTAL	33.615,95 €	444,22 €		444,22 €	34.060,17 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Sometido a votación, adoptase o acordo por unanimidade dos membros presentes.

3.- MODIFICACIÓN ANEXO III DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

O Sr. Alcalde expón ao Pleno da Corporación a seguinte proposta:

PRIMEIRO. Modificar o texto do Anexo III das Bases de Execución do Orzamento do ano 2025 nos seguintes termos:

O punto 2. Beneficiarios, que ten a seguinte redacción:

“Poderán ser beneficiarios/as destas axudas aqueles xoves do Concello de Coirós que estean cursando exclusivamente estudos de grao, “master”, diplomatura ou licenciatura universitarios, ciclos medios ou superiores (sempre e cando non presentasen a solicitude para a bolsa de estudo, por non contar con xustificante de gasto de libros de texto), e Escola Oficial de Idiomas (só na súa modalidade de presencial). Non será obxecto destas axudas os estudos de “doutorados” ou estudos en conservatorios.”

Quedaría redactado do seguinte xeito:

“Poderán ser beneficiarios/as destas axudas aqueles xoves do Concello de Coirós que estean cursando exclusivamente estudos de grao, “master”, diplomatura ou licenciatura universitarios, ciclos medios ou superiores (sempre e cando non presentasen a solicitude para a bolsa de estudo, por non contar con xustificante de gasto de libros de texto), e Escola Oficial de Idiomas (só na súa modalidade de presencial). Así mesmo, serán beneficiarios/as destas axudas o alumnado que curse calquera tipo de estudo fora do Concello e que presente necesidades especiais. Non será obxecto destas axudas os estudos de “doutorados” ou estudos en conservatorios”

Do mesmo xeito, o punto **4. Tipo de axudas**, actualmente redactado co seguinte tenor literal:

“- Matriculados en localidade limítrofes:160 €

1.

En no limítrofes, agás A Coruña, Ferrol e Santiago:200 €

Matriculados na Coruña e Ferrol:250 €

Matriculados en Santiago:300 €

Matriculados noutras provincias de Galicia:420 €

Matriculados fora da Comunidade autónoma:500 €

- Matriculados fora de España: 900 €”

Pasaría a ter a seguinte redacción:

- Matriculados en localidade limítrofes:160 €

1

Con necesidades especiais, en localidades limítrofes:250 €

En no limítrofes, agás A Coruña, Ferrol e Santiago:200 €

Matriculados na Coruña e Ferrol:250 €

Matriculados en Santiago:300 €

Matriculados noutras provincias de Galicia:420 €

Matriculados fora da Comunidade autónoma:500 €

- Matriculados fora de España 900 €”

SEGUNDO. Expor ao público mediante anuncio no Tablón de anuncios do Concello, a sede electrónica e o Boletín Oficial da Provincia durante 30 días o presente acordo, período durante o cal os interesados poderán presentar as alegacións que consideren

pertinentes. En caso de non presentarse ningunha alegación o presente acordo elevarase a definitivo sen necesidade de novo acordo por parte do Pleno da Corporación.

A Sra. Ferreño pregunta se se refire a quen teña un grado de discapacidade, e o Sr. Alcalde responde que sí.

Sometida a proposta a votación resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

4.- INFORMES DE ALCALDÍA.

A Sra. Ferreño pregunta se se pode ampliar o prazo de inscrición nas actividades, ao que o Sr. Alcalde indica que non.

5.- MOCIÓN DO BNG PARA A DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA E A MELLORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

A Concelleira, Sra. Ferreño, procede a expor a moción, do seguinte tenor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema de atención á dependencia en Galiza está a sufrir un preocupante proceso de desmantelamento, como ven denunciando insistentemente o BNG no Parlamento Galego. Lonxe de garantir os dereitos das persoas dependentes, a política da Xunta de Galiza – baixo o Goberno do Partido Popular – está centrada nun modelo asistencialista e privatizador que empobrece o servizo público e devolve os coidados ao ámbito doméstico, recaendo maioritariamente sobre as mulleres.

Na actualidade, máis de 2.000 persoas en Galiza agardan pola valoración da dependencia, duplicando o tempo que marca a propia Lei de Dependencia. A media de espera sitúase nos 361 días, o que fai de Galiza a cuarta comunidade con maior atraso para acceder ás prestacións.

Ademais, Galiza é o territorio que menos inviste por persoa dependente: 1.317 euros ao ano, fronte aos case 2.000 da media estatal e moi lonxe dos 2.900 euros que inviste o Goberno vasco. Esta infra-investimento tradúcese en recortes de servizos esenciais, substituídos por axudas precarias que non garanten o dereito das persoas maiores e dependentes. No primeiro semestre de 2025, o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) perdeu 1.026 persoas usuarias, e os centros de día case 3.000. Mentres, as axudas asistencialistas incrementáronse en máis de 6.000, cunhas cantidades que non superan os 400 euros mensuais, menos da metade do

Salario Mínimo Interprofesional.

O recorte orzamentario destinado ao SAF é especialmente grave. Só nos últimos dous meses, a Xunta retirou 17 millóns de euros de este servizo: 12 millóns en xuño e 5 en maio. O SAF está ao bordo do colapso por falta de financiamento, como veñen denunciando os concellos, a FEGAMP e o propio BNG. No último Pleno do Parlamento, o Partido Popular votou en contra da proposta do BNG para elevar o financiamento do SAF até os 20 euros por hora, unha medida fundamental non só para garantir unha atención digna ás persoas usuarias e unhas condicións laborais xustas para as traballadoras, senón tamén para aliviar a carga económica que os concellos están a asumir por unha competencia que lles é impropia e que a Xunta non financia de maneira responsábel nin suficiente.

Por primeira vez, hai máis persoas dependentes en Galiza pagando unha residencia privada que ocupando unha praza pública ou concertada. Máis de 7.400 persoas reciben unha axuda de entre 361 e 420 euros ao mes, mentres o custo medio dunha residencia supera os 2.000 euros. Isto facilita que empresas privadas absorban as axudas públicas e incrementen os prezos, vulnerando un dereito fundamental. O modelo do Partido Popular persegue dous obxectivos: devolver os coidados ao fogar e que os asuman, de novo, as mulleres. Segundo datos da propia Xunta, o 82% das persoas coidadoras no domicilio son mulleres que, en moitos casos, teñen que renunciar á súa vida laboral para atender a familiares dependentes.

Fronte a estas políticas regresivas, o BNG reafirma o seu compromiso cun sistema público de coidados que garanta unha vellez digna e os dereitos das persoas dependentes, como parte fundamental do estado do benestar.

Ante esta situación, é imprescindible que o Pleno desta Corporación se posicione en defensa do sistema público de atención á dependencia e esixa á Xunta de Galiza un cambio radical nas súas políticas.

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

1. Instar á Xunta de Galiza a reverter de maneira inmediata os recortes no orzamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), garantindo un financiamento suficiente para cubrir as necesidades das persoas usuarias e mellorar as

condicións laborais das traballadoras, elevando o financiamento por hora até os 20 euros.

2. Esixir á Xunta de Galiza a redución dos tempos de espera para a valoración e acceso ás prestacións de dependencia, garantindo o cumprimento dos prazos legais.

3. Reclamar á Xunta de Galiza un incremento substancial do investimento por persoa dependente, até acadar como mínimo a media estatal, co obxectivo de reforzar a rede pública de atención.

4. Instar á Xunta de Galiza a abandonar as políticas privatizadoras e asistencialistas, priorizando o reforzo das prazas públicas e concertadas en residencias e centros de día, e garantindo o dereito a unha vellez digna.

5. Demandar á Xunta de Galiza a dotación de prazas públicas de centros de día e residencias de maiores na nosa comarca.

6. Manifestar o compromiso do Concello de Coirós coa defensa do sistema público de atención á dependencia como pilar fundamental do estado do benestar e dereito esencial da cidadanía.

7. Dar traslado de este acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentarios do Parlamento galego e á FEGAMP.”

O Sr. Alcalde toma a palabra e pregunta que se a moción é sobre axuda no fogar que pintan as residencias. A Sra. Ferreño responde que o que eles defenden é que as persoas envellezan no seu entorno, que hai enfermidades que non se poden coidar en domicilio, e por iso falan de residencias.

O Sr. Alcalde afirma que está de acordo con iso, e que para casa existen axudas, coide quen coide. Ten que haber sempre privado e público, o privado debe existir. Afirmar que a Xunta di que o Estado non paga, e lle indica á Sra. Ferreño que votaría a favor se unicamente deixase o punto de reducir os tempos de espera.

A Sra. Ferreño responde que non, que todos temos que ter garantida unha praza na pública, e non priorizar axudas á privada.

O Sr. Alcalde afirma que as empresas privadas teñen prazas concertadas.

A Sra. Ferreño insiste en que todo é o mesmo, que se da diñeiro á privada e non se inverte na pública.

Sometida a votación, a moción resulta rexeitada por 3 votos a favor (2 BNG e 1 PSOE) e 6 votos en contra (PP).

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

BNG:

Concelleira Sra. Ferreño:

- Pregunta sobre dúas actas da Xunta de Goberno, referidas ao proxecto do Tanatorio, e ás actuacións dos composteiros e a mellora enerxética do pavillón da Cortella.

O Sr. Secretario aclara as cuestións formuladas.

- Pregunta sobre a situación da Comunidade enerxética.

O Sr. Boado responde que está desenvolvéndose e se convocará unha asemblea en breve.

- Pregunta sobre un problema coas beirarrúas en Loureiros.

O Sr. Alcalde responde que está en estudo.

- Pregunta en relación á seguridade viaria na N VI ao seu paso polo municipio, indicando que se debe insistir no asunto e realizar obras, aínda que sexan pequenas. Afirma que non existe nin un paso de peóns, insistindo en que é necesario realizar actuacións.

O Sr. Alcalde afirma que leva moito tempo insistindo e sempre lle contestan que non, pero que pode seguir insistindo.

- Afirma que as frecuencias de autobús non cubren as necesidades. Aínda sabendo que non é un problema so de Coirós, pódense explorar outras opcións, como Convenios.

- En relación á licenza de Cortizo, indica que viu que era de Centro de xestión de residuos, non a de fundición.

O Sr. Alcalde responde que a presentaron hoxe.

A Sra. Ferreño pregunta se o Concello é consciente de que hai obras que sobrepasan a licenza, e o Sr. Alcalde responde que non o sabe, e insta á Sra. Ferreño a indicar o que está facendo a empresa e o Concello enviará a alguén a comprobar.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e vinte e tres minutos, do que eu como Secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO